<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba; nome común e nome propio.</li> <li>• Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.</li> <li>• Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.</li> <li>• Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.</li> <li>• Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilización de terminoloxía lingüística realizar as actividades.</li> <li>• Os determinantes.</li> <li>• A contracción dos artigos.</li> <li>• Formación das contraccións.</li> <li>• Escritura das contraccións respectando a concordancia de xénero e número co substantivo ao que se refiren.</li> <li>• Identificación das diferenzas na escrita de palabras en diferentes linguas.</li> </ul>	<p><b>B4-1.</b> <b>B4-2.</b> <b>B4-4.</b> <b>B4-5.</b></p>	<p><b>LGB4-1.1.</b> <b>LGB4-2.1.</b> <b>LGB4-4.1.</b> <b>LGB4-5.1.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CSC</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza concepto lingüísticos para realizar actividades sobre a gramática.</li> <li>• Recoñece os determinantes e os seus tipos: artigos, demostrativos, posesivos e numerais.</li> <li>• Completa actividades utilizando diferentes determinantes.</li> <li>• Comprende e asimila a regra do uso das contraccións entre o artigo e a preposición.</li> <li>• Resolve actividades aplicando a regra de uso das contraccións entre o artigo e a preposición.</li> <li>• Realiza actividades para practicar a contracción do artigo que poden presentar dificultade pola interferencia do castelán.</li> </ul>

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>Recreación e reescritura de diversos textos sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte, usando modelos.</li> <li>Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</li> <li>Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura guiada do conto <i>Libros para a primavera</i>, para mellorar na expresividade lectora.</li> <li>Lectura guiada e expresiva do texto poético <i>O parque na primavera</i>.</li> <li>Lectura do texto descritivo <i>Fedello</i>.</li> <li>Escritura dunha explicación sobre un personaxe fantástico.</li> </ul>	<p><b>B5-1.</b> <b>B5-2.</b> <b>B5-5.</b></p>	<p><b>LGB5-1.1.</b> <b>LGB5-1.2.</b> <b>LGB5-2.1.</b> <b>LGB5-2.2.</b> <b>LGB5-5.1</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CCEC</b> <b>CSC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escrebe a presentación dun personaxe fantástico seguindo un modelo e unhas preguntas dadas.</li> <li>Le de forma guiada, en silencio e en voz alta, os textos da unidade, para chegar progresivamente á autonomía e a expresividade lectoras.</li> <li>Valora a literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>

## OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS E DIDÁCTICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Modelo experiencial.</p> <p>Traballo por tarefas.</p> <p>Traballo individual.</p> <p>Traballo cooperativo.</p>	<p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Personalización.</p> <p>Significatividade.</p> <p>Funcionalidade.</p>	<p>Tarefas individuais.</p> <p>Tarefas por parella.</p> <p>Tarefas de equipo.</p> <p>Agrupamento flexible.</p>
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Rúbricas e dianas para a avaliación da unidade.</p> <p>Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Avaliación por competencias.</p> <p>Probas de avaliación externa.</p> <p>Outros documentos gráficos ou textuais.</p>	<p><b>Cualificación cuantitativa:</b> a cualificación máxima da proba de control e das avaliacións será de 10 puntos.</p> <p><b>Cualificación cualitativa:</b> rúbrica de avaliación da tarefa: <i>Describo un personaxe fantástico</i>; rúbrica de avaliación da actitude no traballo cooperativo; rúbrica de avaliación da expresión escrita.</p> <p><b>Dianas:</b> diana de avaliación da aprendizaxe sobre os determinantes; diana de avaliación das emocións ; diana da coavaliación do traballo en grupo.</p> <p><b>As probas de avaliación por competencias.</b></p> <p><b>A observación directa.</b></p>

	MELLORA	OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fichas de mellora do Libro de recursos correspondentes á unidade.</li> <li>Actividades de reforzo propostas no Libro de recursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fichas de ampliación do Libro de recursos correspondentes á unidade.</li> <li>Actividades de ampliación propostas no Libro de recursos.</li> <li>LibroMedia de 2.º curso de Educación Primaria, actividades e recursos.</li> </ul>
TRABALLO COOPERATIVO	Cooperamos, 2.º trimestre.	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	<b>Recursos complementarios.</b> Actividades correspondentes á unidade.	
CONTIDOS TRANSVERSAIS	<b>Comprensión lectora.</b> <i>Libros para a primavera</i> (páxinas 116-118). <i>O parque na primavera</i> (páxinas 122 e 123). <i>Fedello</i> (páxina 124).	
	<b>Expresión oral e escrita.</b> Conversación sobre os parques públicos (páxina 113). Comentario da lámina inicial (páxinas 114 e 115). O significado das indicacións dun sobre dunha semente (páxina 115). Falar sobre as emocións que lle producen as estacións do ano (páxina 117). Explicar o que fan os personaxes da lectura (páxina 118). Ditado (páxina 121). Completar unha ficha (páxina 125). Explicación das características dun personaxe fantástico (páxina 125).	
	<b>Comunicación audiovisual.</b> Interpretación da lámina inicial (páxinas 114 e 115). Interpretación das indicacións dun sobre dunha semente (páxina 115). Buscar unha melodía para un poema (páxina 123). Completar unha ficha (páxina 125). Semáforo de autoavaliación (páxinas 127 e 128).	
	<b>Emprendemento.</b> Enumerar os datos que necesitamos saber para cultivar unha planta (páxina 115).	
	<b>Educación cívica e constitucional.</b> Respecto os xardíns públicos (páxina 115).	
PLAN DE FOMENTO DA LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> <li><i>Lequelé 2.</i></li> <li><i>A nave dos libros 2.</i></li> <li><i>Lecturas de aquí e de acolá.</i></li> </ul>	
EDUCACIÓN EN VALORES	<ul style="list-style-type: none"> <li>A responsabilidade colectiva: o interese polo contorno.</li> </ul>	
UTILIZACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> <li>LibroMedia de 2.º curso. Actividades e recursos correspondentes á unidade.</li> </ul>	

# Unidade 9. Divertímonos no río

## OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** O río constitúe o núcleo temático da unidade e, polo tanto, está presente en boa parte dos apartados: o vocabulario; a formación en valores, que pretende que os alumnos teñan presente o perigo que pode supoñer bañarse no río ou na praia sen a precaución axeitada; o conto de competencia lectora, titulado *A viaxe de Carolina*. A continuación, o apartado de gramática dedícase ao adxectivo e o de ortografía, a traballar as palabras con *bl* e *br*. Para rematar, o Saber facer consiste en escribir unha carta.
- **O que os alumnos xa coñecen.** O eixe temático da unidade pode aproveitar os coñecementos que os estudantes teñen sobre o mundo do ocio relacionado coa auga.
- **Previsión de dificultades.** É posible que lles resulte difícil completar a tarefa final; algúns alumnos poden atopar dificultades para deseñar unha carta.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA**

**SECUENCIA E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:** tres últimas semanas de abril

**BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.</li> <li>• Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (breve exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).</li> <li>• Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.</li> <li>• Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecti ás opinións das demais persoas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise e comentario da lámina inicial, que representa unha zona fluvial.</li> <li>• Identificación do tema de que se fala nunha audición.</li> <li>• Identificación das recomendacións que se dan nunha audición.</li> <li>• Conversa guiada sobre a educación en valores: evitar situacións de perigo.</li> <li>• Ampliación do vocabulario sobre o río.</li> <li>• Explicación da importancia de tomar precaucións.</li> <li>• Mantemento dunha actitude de escoita adecuada.</li> <li>• Respecto polas opinións dos e das demais nas intervencións na aula.</li> </ul>	<p><b>B1-2.</b> <b>B1-3.</b> <b>B1-4.</b> <b>B1-5.</b></p>	<p><b>LGB1-2.1.</b> <b>LGB1-3.1.</b> <b>LGB1-3.2.</b> <b>LGB1-3.3.</b> <b>LGB1-4.1.</b> <b>LGB1-4.2.</b> <b>LGB1-5.1.</b> <b>LGB1-5.2.</b> <b>LGB1-5.5.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CSC</b> <b>CSIEE</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica o tema dunha audición.</li> <li>• Identifica as recomendacións que se dan nunha audición.</li> <li>• Participa nunha conversa entre iguais sobre o contido da lámina; comprende o que din os demais e contesta se é preciso.</li> <li>• Segue explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.</li> <li>• Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase: explica a importancia de tomar precaucións.</li> <li>• Atende nas intervencións dos demais, respecta as súas opinións e non os interrompe.</li> <li>• Respecta as quendas de palabra nas actividades orais.</li> <li>• Mantén o tema nos apartados de intercambio oral.</li> </ul>

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>Localización de informacións en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica coma nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).</li> <li>Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</li> <li>Introdución ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.</li> <li>Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.</li> <li>Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das experiencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura en voz alta do conto <i>A viaxe de Carolina</i>, prestando atención á sílabas tónicas das palabras.</li> <li>Identificación dos personaxes cos seus actos, dos espazos e da orde en que se dan as accións de que fala a lectura.</li> <li>Dedución do significado de palabras e expresións coa axuda do contexto.</li> <li>Lectura en voz alta da fábula <i>O can e a súa imaxe</i>, prestando atención aos signos de puntuación.</li> <li>Búsqueda de textos na biblioteca o en Internet.</li> <li>Valoración da importancia da lectura como fonte de información e diversión.</li> </ul>	<p><b>B2-1.</b> <b>B2-3.</b> <b>B2-4.</b> <b>B2-6.</b> <b>B2-7.</b></p>	<p><b>LGB2-1.2.</b> <b>LGB2-1.3.</b> <b>LGB2-3.1.</b> <b>LGB2-3.2.</b> <b>LGB2-4.1.</b> <b>LGB2-4.2.</b> <b>LGB2-6.1.</b> <b>LGB2-7.1.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CSIEE</b> <b>CSC</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Localiza información en diferentes textos (o texto narrativo <i>A viaxe de Carolina</i> e a fábula <i>O can e a súa imaxe</i>) e resolve as actividades propostas.</li> <li>Le os textos da unidade en voz alta coa velocidade adecuada e entende o seu contido.</li> <li>Presta atención á entoación nas lecturas da unidade.</li> <li>Usa a biblioteca da aula ou do centro con certa autonomía para obter a información e colabora no seu coidado.</li> <li>Amosa interese polas fábulas e selecciona unha de forma autónoma en función dos seus gustos e preferencias.</li> <li>Desenvolve o gusto pola lectura e recoñece a importancia da lectura como fonte de información e de diversión.</li> </ul>

### BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</li> <li>• Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais).</li> <li>• Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación adecuada das actividades escritas da unidade.</li> <li>• Redacción dunha carta.</li> <li>• Realización de actividades para practicar o uso de <i>br</i> e <i>bl</i>.</li> <li>• Copia de textos ao ditado para aplicar os coñecementos ortográficos da unidade e tamén os de unidades anteriores nun ditado acumulativo.</li> </ul>	<p><b>B3-1.</b> <b>B3-5.</b></p>	<p><b>LGB3-1.1.</b> <b>LGB3-1.2.</b> <b>LGB3-1.3.</b> <b>LGB3-1.4.</b> <b>LGB3-5.1.</b> <b>LGB3-5.2.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CSIEE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presenta adecuadamente as actividades escritas da unidade.</li> <li>• Elabora unha carta.</li> <li>• Copia textos ao ditado para aplicar os coñecementos ortográficos da unidade e tamén os de unidades anteriores.</li> <li>• Aplica nos seus escritos as normas ortográficas e de puntuación vistas na aula.</li> <li>• Presenta adecuadamente as súas tarefas, especialmente as que implican escribir un texto. Escribe con boa caligrafía. Presenta traballos con limpeza, claridade e orde.</li> </ul>

## BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba; nome común e nome propio.</li> <li>• Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.</li> <li>• Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.</li> <li>• Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento e asimilación do concepto de adxectivo.</li> <li>• Realización de actividades para assimilar o concepto de adxectivo e como se usa.</li> <li>• Comparación implícita dalgunhas diferenzas entre galego e castelán en canto aos grupos <i>br</i> e <i>bl</i>.</li> </ul>	<p><b>B4-1.</b> <b>B4-2.</b> <b>B4-5.</b></p>	<p><b>LGB4-1.1.</b> <b>LGB4-1.4.</b> <b>LGB4-2.1.</b> <b>LGB4-5.1.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CSC</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza conceptos gramaticais para resolver actividades.</li> <li>• Identifica clases de palabras, como o adxectivo.</li> <li>• Realiza actividades de concordancia de xénero e número entre palabras.</li> <li>• Comprende e asimila a regra de uso de <i>bl</i> e <i>br</i>.</li> <li>• Resolve actividades aplicando a regra de <i>bl</i> e <i>br</i>.</li> <li>• Compara implicitamente algunhas diferenzas entre galego e castelán en canto ás palabras cos grupos <i>br</i> e <i>bl</i>.</li> </ul>

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.</li> <li>• Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</li> <li>• Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</li> <li>• Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.</li> <li>• Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas se ven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura guiada do conto <i>A viaxe de Carolina</i>, para mellorar na expresividade e na autonomía lectoras.</li> <li>• Lectura dunha fábula tradicional: <i>O can e a súa imaxe</i>.</li> <li>• Recoñecemento das características das fábulas.</li> <li>• Recoñecemento do ensino dunha fábula.</li> </ul>	<p><b>B5-1.</b> <b>B5-2.</b></p>	<p><b>LGB5-1.1.</b> <b>LGB5-2.1.</b> <b>LGB5-2.2.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CCEC</b> <b>CD</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inventa un principio para unha historia.</li> <li>• Le de forma guiada, en silencio e en voz alta, os textos da unidade, para chegar progresivamente á autonomía e a expresividade lectoras.</li> <li>• Le e comprende unha fábula.</li> <li>• Recoñece as características das fábulas.</li> <li>• Valora as fábulas como fonte de coñecementos e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>

## OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS E DIDÁCTICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Modelo experiencial.</p> <p>Traballo por tarefas.</p> <p>Traballo individual.</p> <p>Traballo cooperativo.</p>	<p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Personalización.</p> <p>Significatividade.</p> <p>Funcionalidade.</p>	<p>Tarefas individuais.</p> <p>Tarefas por parella.</p> <p>Tarefas de equipo.</p> <p>Agrupamento flexible.</p>
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Rúbricas e dianas para a avaliación da unidade.</p> <p>Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Avaliación por competencias.</p> <p>Probas de avaliación externa.</p> <p>Outros documentos gráficos ou textuais.</p>	<p><b>Cualificación cuantitativa:</b> a cualificación máxima da proba de control e das avaliacións será de 10 puntos.</p> <p><b>Cualificación cualitativa:</b> rúbrica de avaliación da tarefa: <i>Escribo unha carta</i>; rúbrica de avaliación do traballo individual; rúbrica de avaliación da expresión escrita.</p> <p><b>Dianas:</b> diana de avaliación da aprendizaxe dos adxectivos; diana de avaliación de comprensión e estratexias de pensamento; diana de avaliación da creatividade na elaboración dunha carta.</p> <p><b>As probas de avaliación por competencias.</b></p> <p><b>A observación directa.</b></p>

	MELLORA	OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fichas de mellora do Libro de recursos correspondentes á unidade.</li> <li>Actividades de reforzo propostas no Libro de recursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fichas de ampliación do Libro de recursos correspondentes á unidade.</li> <li>Actividades de ampliación propostas no Libro de recursos.</li> <li>LibroMedia de 2.º curso de Educación Primaria, actividades e recursos.</li> </ul>
TRABALLO COOPERATIVO	Cooperamos, 3.º trimestre.	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	<b>Recursos complementarios.</b> Actividades correspondentes á unidade.	
CONTIDOS TRANSVERSAIS	<b>Comprensión lectora.</b> <i>A viaxe de Carolina</i> (páxinas 132-134). <i>O can e a súa imaxe</i> (páxinas 138 e 139). Una carta (páxina 140).	
	<b>Expresión oral e escrita.</b> Conversación sobre como comportarse nun espazo aberto (páxina 129). Comentario da lámina inicial (páxinas 130 e 131). Xustificación da importancia das normas de seguridade no mar, no río ou na piscina (páxina 131). Explicar como te sentes cando queres facer algo pero non sae tan ben como queres (páxina 133). Ditado. Comentar unha norma de ortografía (páxina 137). Explicar unha fábula. Inventar un principio para unha historia (páxina 139). Escribir unha carta (páxina 141).	
	<b>Comunicación audiovisual.</b> Interpretación da lámina inicial (páxinas 130 e 131). Colorear unha escena (páxina 134). Identificar obxectos (páxina 136).	
	<b>Emprendemento.</b> Escribir unha carta sobre o que imaxina que lle pasou (páxina 141).	
	<b>Educación cívica e constitucional.</b> A precaución en espazos como un río, unha praia ou unha piscina (páxina 131).	
PLAN DE FOMENTO DA LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> <li><i>Lequelé 2.</i></li> <li><i>A nave dos libros 2.</i></li> <li><i>Lecturas de aquí e de acolá.</i></li> </ul>	
EDUCACIÓN EN VALORES	<ul style="list-style-type: none"> <li>A responsabilidade: evitar situacións perigosas.</li> </ul>	
UTILIZACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> <li>LibroMedia de 2.º curso. Actividades e recursos correspondentes á unidade.</li> </ul>	

# Unidade 10. A reciclar!

## OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Como o seu título indica, a unidade ten como eixe temático a reciclaxe. Esta circunstancia permite que os alumnos desenvolvan destrezas orais e escritas: faranse preguntas sobre o colector onde botarían cada residuo, explicarán como reutilizar obxectos e elaborarán mensaxes medioambientais para incluílos en carteis. O vocabulario temático da reciclaxe está presente en toda a unidade, como por exemplo, a lectura *Un frasco de perfume*. No apartado de Gramática dáse o verbo en presente e no Ortografía as palabras con x.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os nenos coñecen o léxico básico da reciclaxe, o cal deberá completarse con termos máis específicos. En relación con este aspecto, tamén deberá considerarse que o valor de manter en bo estado a natureza trabállase desde os primeiros niveis educativos, tomando como punto de partida a necesidade de ter coidado das instalacións do centro escolar.
- **Previsión de dificultades.** A confusión de sons KS e X pode provocar confusións na lingua oral xa que os dous se representan coa mesma grafía, x. Ademais, tamén convén reforzar o máis posible o concepto de verbo, pois aparecerá nas seguintes unidades. En canto ás microhabilidades de lectura, terán que prestar especial atención ás palabras longas.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA**

**SECUENCIA E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:** dúas primeiras semanas de maio

**BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas</li> <li>• Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (breve exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).</li> <li>• Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.</li> <li>• Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise da lámina inicial en que se representa unha escena da vida cotiá nunha localidade.</li> <li>• Identificación dos obxectos que van en cada colector a partir dunha audición.</li> <li>• Explicación de como se poden reutilizar diferentes obxectos.</li> <li>• Discriminación dos sons da grafía x.</li> <li>• Participación activa na conversa grupal sobre en que colector se tiran diversos residuos.</li> <li>• Conversa guiada sobre a educación en valores: implicarse na reciclaxe.</li> <li>• Respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</li> </ul>	<p><b>B1-2.</b> <b>B1-3.</b> <b>B1-4.</b> <b>B1-5.</b> <b>B1-7.</b> <b>B1-8.</b></p>	<p><b>LGB1-2.1.</b> <b>LGB1-3.1.</b> <b>LGB1-3.2.</b> <b>LGB1-3.3.</b> <b>LGB1-4.1.</b> <b>LGB1-4.2.</b> <b>LGB1-5.2.</b> <b>LGB1-5.5.</b> <b>LGB1-5.6.</b> <b>LGB1-7.1.</b> <b>LGB1-8.1.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CD</b> <b>CAA</b> <b>CSC</b> <b>CSIEE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica que obxectos van en cada colector a partir dunha audición.</li> <li>• Participa nunha conversa entre iguais sobre o contido da lámina; comprende o que din os demais e contesta se é preciso.</li> <li>• Segue explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.</li> <li>• Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase: fai e responde preguntas sobre depositar diferentes residuos e explica como se poden reutilizar algúns obxectos.</li> <li>• Atende nas intervencións dos demais, respecta as súas opinións e non os interrompe.</li> <li>• Respecta as quendas de palabra nas actividades orais.</li> <li>• Mantén o tema nos apartados de intercambio oral.</li> <li>• Participa activamente nas conversas dirixidas da aula.</li> <li>• Respecta as achegas dos demais e contribúe coas súas intervencións.</li> </ul>

<p>avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.</li><li>• Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.</li></ul>					<ul style="list-style-type: none"><li>• Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia adecuada.</li></ul>
---	--	--	--	--	---

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>Localización de informacións en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica coma nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).</li> <li>Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.</li> <li>Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</li> <li>Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación de convivencia e de lecer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura en voz alta do conto <i>Un frasco de perfume</i>, prestando especial atención para ler correctamente as palabras longas.</li> <li>Identificación dos personaxes cos seus actos, dos espazos de acción e da orde en que se dan as accións de que fala a lectura.</li> <li>Dedución do significado de palabras e expresións coa axuda do contexto.</li> <li>Interese por outro tipo de lecturas como é o cómic: <i>Unha boa lección</i>.</li> <li>Lectura dramatizada dun texto dialogado.</li> </ul>	<p><b>B2-1.</b> <b>B2-2.</b> <b>B2-3.</b> <b>B2-6.</b></p>	<p><b>LGB2-1.3.</b> <b>LGB2-2.1.</b> <b>LGB2-3.1.</b> <b>LGB2-3.2.</b> <b>LGB2-3.3.</b> <b>LGB2-6.1.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CSC</b> <b>CSIEE</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Localiza información en diferentes textos (o texto narrativo <i>Un frasco de perfume</i> e o cómic <i>Unha boa lección</i>) e resolve as actividades propostas.</li> <li>Resolve actividades utilizando información procedente de ilustracións.</li> <li>Interpreta e comprende a información visual que ofrece o cómic <i>Unha boa lección</i>.</li> <li>Le os textos da unidade en voz alta coa velocidade adecuada e entende o seu contido.</li> <li>Presta atención á entoación nas lecturas da unidade.</li> <li>Realiza a lectura dramatizada do cómic seguindo con atención as intervencións dos demais e sabe cando ten que intervir.</li> <li>Desenvolve o gusto pola lectura e recoñece a importancia da lectura como fonte de información e de diversión.</li> </ul>

### BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais)</li> <li>• Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto</li> <li>• Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios,cómic.</li> <li>• Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.</li> <li>• Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación adecuada das actividades escritas da unidade.</li> <li>• Elaboración de carteis con mensaxes medioambientais que conteñen texto e ilustración.</li> <li>• Copia de textos ao ditado para aplicar os coñecementos ortográficos da unidade e tamén os de unidades anteriores nun ditado acumulativo.</li> <li>• Realización de actividades para practicar as palabras con x.</li> </ul>	<p><b>B3-1.</b> <b>B3-2.</b> <b>B3-3.</b> <b>B3-4.</b> <b>B3-5.</b></p>	<p><b>LGB3-1.4.</b> <b>LGB3-1.5.</b> <b>LGB3-2.1.</b> <b>LGB3-3.1.</b> <b>LGB3-4.1.</b> <b>LGB3-5.1.</b> <b>LGB3-5.2.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CD</b> <b>CAA</b> <b>CSC</b> <b>CSIEE</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presenta adecuadamente as actividades escritas da unidade.</li> <li>• Copia textos ao ditado para aplicar os coñecementos ortográficos da unidade e tamén os de unidades anteriores.</li> <li>• Elabora carteis con mensaxes medioambientais combinando a linguaxe verbais e as ilustracións.</li> <li>• Usa coa axuda dun adulto o ordenador para deseñar un cartel.</li> <li>• Ilustra creativamente o seu cartel da mensaxe medioambiental.</li> <li>• Presenta adecuadamente as súas tarefas, especialmente as que implican escribir un texto. Escribe con boa caligrafía. Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde.</li> </ul>

## BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAX E AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba; nome común e nome propio.</li> <li>Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.</li> <li>Recoñecemento de relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.</li> <li>Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utilización de terminoloxía lingüística realizar as actividades, en especial as relacionadas co verbo.</li> <li>Coñecemento e asimiliación das palabras que se escriben con x.</li> <li>Cumprimento das normas ortográficas vistas en unidades anteriores.</li> <li>Recoñecemento de diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.</li> </ul>	<p><b>B4-1.</b> <b>B4-2.</b> <b>B4-3.</b> <b>B4-4.</b></p>	<p><b>LGB4-1.1.</b> <b>LGB4-2.1.</b> <b>LGB4-3.1.</b> <b>LGB4-4.1.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CSC</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza concepto lingüísticos para realizar actividades sobre a gramática.</li> <li>Completa actividades utilizando o verbo en presente.</li> <li>Comprende e asimila a ortografía e a pronuncia de diferentes palabras con x.</li> <li>Resolve actividades utilizando palabras con x.</li> <li>Realiza actividades para practicar a ortografía de palabras con x.</li> </ul>

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</li> <li>• Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados ás súa idade.</li> <li>• Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura guiada do conto <i>Un frasco de perfume</i>, para mellorar na expresividade lectora.</li> <li>• Lectura dun cómic poñendo atención ás intervencións.</li> <li>• Recoñecemento das características dos cómics.</li> </ul>	<p><b>B5-2.</b> <b>B5-4.</b> <b>B5-5.</b></p>	<p><b>LGB5-2.1.</b> <b>LGB5-2.2.</b> <b>LGB5-4.2.</b> <b>LGB5-5.1.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CCEC</b> <b>CD</b> <b>CSC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Le de forma guiada, en silencio e en voz alta, os textos da unidade, para chegar progresivamente á autonomía e a expresividade lectoras.</li> <li>• Realiza a lectura dramatizada do cómic seguindo con atención as intervencións dos demais e sabe cando ten que intervir.</li> <li>• Recoñece as características dos cómics.</li> <li>• Valora a literatura como vehículo de comunicación e pensa a quen podería recomendarlle a lectura dun conto como gozo persoal.</li> </ul>

## OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS E DIDÁCTICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Modelo experiencial.</p> <p>Traballo por tarefas.</p> <p>Traballo individual.</p> <p>Traballo cooperativo.</p>	<p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Personalización.</p> <p>Significatividade.</p> <p>Funcionalidade.</p>	<p>Tarefas individuais.</p> <p>Tarefas por parella.</p> <p>Tarefas de equipo.</p> <p>Agrupamento flexible.</p>
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Rúbricas e dianas para a avaliación da unidade.</p> <p>Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Avaliación por competencias.</p> <p>Probas de avaliación externa.</p> <p>Outros documentos gráficos ou textuais.</p>	<p><b>Cualificación cuantitativa:</b> a cualificación máxima da proba de control e das avaliacións será de 10 puntos.</p> <p><b>Cualificación cualitativa:</b> rúbrica de avaliación da tarefa: <i>Elaboro un cartel</i>; rúbrica de avaliación da dramatización dun diálogo; rúbrica de avaliación da expresión escrita.</p> <p><b>Dianas:</b> diana de avaliación da aprendizaxe sobre verbos; diana de avaliación da aprendizaxe sobre familias de palabras; diana de avaliación da participación en conversacións.</p> <p><b>As probas de avaliación por competencias.</b></p> <p><b>A observación directa.</b></p>

	MELLORA	OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fichas de mellora do Libro de recursos correspondentes á unidade.</li> <li>Actividades de reforzo propostas no Libro de recursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fichas de ampliación do Libro de recursos correspondentes á unidade.</li> <li>Actividades de ampliación propostas no Libro de recursos.</li> <li>LibroMedia de 2.º curso de Educación Primaria, actividades e recursos.</li> </ul>
TRABALLO COOPERATIVO	Cooperamos, 3.º trimestre.	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	<b>Recursos complementarios.</b> Actividades correspondentes á unidade.	
CONTIDOS TRANSVERSAIS	<b>Comprensión lectora.</b> <i>Un frasco de perfume</i> (páxinas 146-148). <i>Unha boa lección</i> (páxinas 152 e 153).	
	<b>Expresión oral e escrita.</b> Conversar sobre a reciclaxe (páxinas 143 e 145). Comentario da lámina inicial (páxinas 144 e 145). Explicación de cómo se poden reutilizar obxectos (páxina 145). Ditado (páxina 151). Dramatizar unha historia (páxina 153). Elaborar un cartel (páxinas 154 e 155).	
	<b>Comunicación audiovisual.</b> Interpretación da lámina inicial (páxinas 144 e 145). Elaborar un cartel (páxinas 154 e 155). Semáforo de autoavaliación (páxina 156).	
	<b>Emprendemento.</b> Proposición de diferentes formas de reutilizar obxectos (páxina 145). Elaborar un cartel (páxinas 154 e 155).	
	<b>Educación cívica e constitucional.</b> Implicación na reciclaxe (páxina 145).	
PLAN DE FOMENTO DA LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> <li><i>Lequelé 2.</i></li> <li><i>A nave dos libros 2.</i></li> <li><i>Lecturas de aquí e de acolá.</i></li> </ul>	
EDUCACIÓN EN VALORES	<ul style="list-style-type: none"> <li>A implicación na reciclaxe e o interese polo contorno.</li> </ul>	
UTILIZACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> <li>LibroMedia de 2.º curso. Actividades e recursos correspondentes á unidade.</li> </ul>	

# Unidade 11. Viaxamos ao pasado

## OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Co propósito de abordar as descrições, esta unidade propón diferentes tarefas que consisten en fixarse e enumerar as características de diferentes obxectos. Ambiéntase na Antigüidade e esta época guía desde o punto de vista temático as actividades e as lecturas da unidade: lámina inicial sobre a escavación arqueolóxica, lectura *Un achado inesperado*, etiquetaxe de obxectos dun catálogo para excursionistas, lectura *Os castros e os castrexos*. Na gramática trabállase o verbo en pasado e en ortografía as palabras con *i* e *ll*.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos xa deron o concepto de verbo na unidade anterior e tamén os adxectivos que agora necesitarán para falar das características de diferentes obxectos.
- **Previsión de dificultades.** Algúns nenos poden ter dificultades á hora de recoñecer palabras que conteñen *i* ou *ll* debido aos frecuentes castelanismos e interferencias que se adoitan producir con estes sons.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA**

**SECUENCIA E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:** dúas últimas semanas de maio

**BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.</li> <li>• Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.</li> <li>• Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián.</li> <li>• Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise e comentario da lámina inicial.</li> <li>• Identificación do obxecto que se describe nunha audición dunha noticia radiofónica entre outros obxectos similares.</li> <li>• Descrición de diferentes obxectos a partir dunha ilustración.</li> <li>• Conversa guiada sobre a educación en valores: valorar o patrimonio.</li> <li>• Formulación de preguntas poñéndose no lugar dun xornalista.</li> <li>• Ampliación do vocabulario sobre a antigüidade.</li> <li>• Mantemento dunha actitude de escoita adecuada.</li> <li>• Respecto polas opinións dos e das demais nas intervencións na aula.</li> <li>• Pronuncia e entoación adecuadas nas lecturas de unidade.</li> </ul>	<p><b>B1-1.</b> <b>B1-2.</b> <b>B1-3.</b> <b>B1-4.</b> <b>B1-5.</b> <b>B1-10.</b></p>	<p><b>LGB1-1.1.</b> <b>LGB1-1.2.</b> <b>LGB1-2.1.</b> <b>LGB1-3.2.</b> <b>LGB1-3.3.</b> <b>LGB1-4.1.</b> <b>LGB1-4.2.</b> <b>LGB1-5.1.</b> <b>LGB1-5.2.</b> <b>LGB1-5.5.</b> <b>LGB1-10.1.</b> <b>LGB1-10.2.</b></p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b> <b>CD</b> <b>CSC</b> <b>CCEC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende información procedente da radio e recoñece a función informativa dos medios de comunicación.</li> <li>• Identifica a que obxecto se refire unha descrición nunha audición entre outros similares.</li> <li>• Participa nunha conversa entre iguais sobre o contido da lámina; comprende o que din os demais e contesta se é preciso.</li> <li>• Segue explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.</li> <li>• Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase: describe elementos a partir da súa ilustración, fai preguntas coma se fose un xornalista.</li> <li>• Atende nas intervencións dos demais, respecta as súas opinións e non os interrompe.</li> <li>• Respecta as quendas de palabra nas actividades orais.</li> <li>• Exprésase en lingua galega para realizar as actividades orais relacionadas con calquera ámbito temático: a arqueoloxía e a antigüidade.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"><li>• Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).</li><li>• Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas descoñecidas.</li></ul>				<ul style="list-style-type: none"><li>• Mantén o tema nos apartados de intercambio oral.</li><li>• Identifica a lingua galega como válida para comunicarse con persoas descoñecidas en diferentes situacións (a escavación arqueolóxica e os medios de comunicación).</li></ul>
--	--	--	--	---

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
